CONCELLO DE
PONTEVEDRA

DXUSX
XMT/EMCM

Concello de Pontevedra
Rexistro xeral de Saída
Número: 2021023555
Data: 15/09/2021

Destinatario:

AUGAS DE GALICIA

PRAZA Camilo Díaz Baliño Nº 7-9

Santiago - 15781 - A Coruña

Número de expediente: 2021/CONSULTINFPUB/000011

Número de rexistro: 2021033882

ASUNTO: SUXESTIÓNS E ALEGACIÓNS MUNICIPAIS NO TRÁMITE DE AUDIENCIA NA ELABORACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI "MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA".

SOLICITANTE: AUGAS DE GALICIA. CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Vistos os oficios de datas 26/07/2021 e 28/07/2021 asinados pola directora de Augas de Galicia, pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, que tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra en datas 28/07/2021 e 11/08/2021, baixo os números 2021033882 e 2021036549 respectivamente e polos que se outorga ao Concello de Pontevedra, en canto que administración pública afectada, trámite de audiencia para a presentación de suxestións na elaboración do anteproxecto de lei *"Mellora da xestión do ciclo integral da Auga"*, remítese, achegado ao presente e dentro do prazo establecido legalmente, o informe do director xeral da Área en funcións de enxeñeiro da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infaestruturas, Enxeñería e Servizos de data 15/09/2021, ao que se lle presta aprobación como informe municipal/alegacións/suxestións no amentado procedemento.

O que se lle traslada para o seu coñecemento e efectos oportunos, solicitando expresamente, á vista do referido informe técnico, a **paralización da tramitación do anteproxecto de lei para a súa íntegra revisión, consonte ao sinalado nas suxestións/alegacións municipais**, xa que non se mellora co documento a xestión do ciclo da auga e se vai producir un desproporcionado e non xustificado encarecemento nos canons e taxas de saneamento a satisfacer, sen que se compartan as determinacións sobre a titularidade das EDAR de Arcade e Riomaior. Lémbrase, asemade que, dende a entrada en vigor da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de aguas de Galicia, modificada parcialmente pola Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Xunta de Galicia ten pendente a elaboración dos Plans galego de abastecemento e saneamento que, entre outras cuestións, detallen polo miúdo as aglomeracións urbanas, os estudos de custes e os investimentos precisos para levar a cabo as determinacións deses Plans.

Documentos que se achegan ao presente oficio:

Descrición do documento	Data sinatura	Asinado por	CSV (*)
004 informe anteproxecto lei mellora ciclo auga otmaies 15/09/2021	15-sep-2021 10:51:48	Jesús Gómez Viñas	944677RWK7IU7Z3I

(*) Verificable en: https://sede.pontevedra.gal

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A concelleira delegada responsable da xestión do ciclo da auga

Asinado por: MARÍA CARMEN DA SILVA MÉNDEZ
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 15/09/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:QRTUGPGO8ZRQIP1U

CÓDIGO:2021/CONSULTINFPUB/000011

EXPTE. NÚM.: 2021033882

ASUNTO: COMUNICAN TRÁMITE DE AUDIENCIA DE ANTEPROXECTO DE LEI DE "MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA"

SITUACIÓN: , - -

REFERENCIA CATASTRAL:

SOLICITANTE: AUGAS DE GALICIA NIF Q1500378C

INFORME:

1. Con data 27/07/2021, a directora de Augas de Galicia comunica o trámite de audiencia sobre da tramitación do anteproxecto de lei do asunto, establecendo un prazo de quince (15) días para o achegamento de alegacións.
2. Con data 30/07/2021, a administrativa xefa do negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico solicita informe a esta Oficina Técnica sobre do asunto referido.
3. Con data 12/08/2021, a directora de Augas de Galicia comunica unha ampliación do prazo para a presentación de alegacións ata o 15/09/2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario

INFORME:

Análise da documentación aportada

O Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, en consulta pública na data do presente informe, consta das seguintes partes:

- Exposición de motivos.
- Título I: Disposicións xerais do ciclo integral da auga.
- Título II: Medidas para a mellora do ciclo integral da auga e da prestación dos servizos. Componse de tres (3) capítulos.
- Título III: Sistema de financiamento da xestión do ciclo integral da auga por Augas de Galicia. Componse de cinco (5) capítulos.
- Seis (6) disposicións adicionais.
- Dúas (2) disposicións transitorias.
- Disposición derrogatoria única.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

- Tres (3) disposición finais.
- Dous (2) anexos.

No que atinxe ao Concello de Pontevedra, destácanse os seguintes artigos, polas implicacións tanto técnicas como económicas que levan aparellados:

- *Artigo 5. Fixación das aglomeracións urbanas de Galicia.*

  2. No prazo maximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, Augas de Galicia realizara unha ***proposta das aglomeracions urbanas*** *nas que se estrutura o territorio da comunidade autónoma de Galicia, (...).*

- *Artigo 10. Outras medidas relacionadas coa ordenación dos sistemas de saneamento e depuración.*

  " (...) 2. Os sistemas de saneamento e depuración que dean servizo a unha aglomeración urbana de mais de 2.000 habitantes equivalentes deberan dispoñer, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, dun ***plan de control anual de vertidos ás redes de colectores****, co fin de poder verificar e controlar as conexións as redes de saneamento e o cumprimento das ordenanzas de vertido. Estes plans serán elaborados, executados e revisados polas administracións publicas responsables do servizo, por si mesmas ou a través das entidades públicas prestadoras dos servizos. Co fin de contribuír a sua elaboración, Augas de Galicia desenvolvera, no prazo máximo de dun ano desde a entrada en vigor desta lei, unhas directrices para a redacción de plans de control de vertido as redes de colectores. (...)".*

- *Artigo 11. Medidas para mellorar a xestión das augas pluviais.*

  " (...) 1. Os sistemas de saneamento e depuración que dean servizo a unha aglomeración urbana de mais de 2.000 habitantes equivalentes deberan dispoñer, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, dun ***plan de redución de entradas de augas brancas nas redes de saneamento****. Estes plans serán elaborados, executados e revisados polas administracións públicas responsables do servizo, por si mesmas ou a través das entidades publicas prestadoras dos servizos. (...)"*

- *Artigo 13. Medidas para fomentar a eficiencia enerxética no ciclo integral da auga.*

  " (...) 1. As instalacións de saneamento depuración que dean servizo a unha aglomeración urbana de mais de 20.000 habitantes equivalentes ou as instalacións de tratamento de auga potable a través das cales se subministre auga a unha poboación de mais de 20.000 habitantes deberan dispoñer, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, dun ***plan de optimización da eficiencia enerxética****. Estes plans serán elaborados, executados e revisados polas administracións públicas responsables do servizo, por si mesmas ou a través das entidades publicas prestadoras dos servizos. (...)"*

- *Artigo 24. Investimentos sobre as infraestruturas que forman parte da actuación de Augas deGalicia como entidade prestadora de servizos.*

  "1. No caso das infraestruturas de titularidade das entidades locais, cando o informe previo referido nos artigos anteriores ***conclúa que é necesario realizar investimentos nas infraestruturas existentes para poder prestar axeitadamente os servizos*** *vinculados, mais alo dos correspondentes ao mantemento e conservación das mesmas, Augas de Galicia formulará unha proposta de convenio de colaboración con estas entidades locais, fundamentada en criterios económicos e técnicos, na que se recolleran as condicións para a sua instrumentación e financiamento.*

  2. Na determinación da ***participación no financiamento dos investimentos nas infraestruturas*** *existentes previstas no primeiro apartado, en cada caso terase en conta as dispoñibilidades orzamentarias de Augas de Galicia, das deputacións provinciais a cuxo territorio*

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

pertenzan as entidades locais interesadas e das propias entidades locais que sexan competentes para a prestación do servizo. (...)"

- *Artigo 27. **Canon de xestión de depuradoras**, ámbito e normativa de aplicación.*

  "(...) 2. O canon de xestión de depuradoras aplicarase no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia, naqueles supostos nos que Augas de Galicia actúe como entidade prestadora de servizos. (...)"

- *Artigo 29. Feito impoñible*

  "1. Constitúe o feito impoñible do canon de xestión de depuradoras a prestación do servizo de depuración das augas residuais efectuado por Augas de Galicia, por si ou mediante calquera das formas previstas na normativa vixente para a xestión do servizo publico.

  2. O canon de xestión de depuradoras esixirase segundo as modalidades seguintes:

  a) Usos domésticos e asimilados

  b) Usos non domésticos

  c) Usos urbanos

  d) Fosas sépticas

  3. O canon de xestión de depuradoras esixirase indistintamente da procedencia da auga, tanto se é facilitada por entidades subministradoras, como se procede de captacións propias, superficiais ou subterráneas, incluídos os consumos ou usos de augas pluviais e mariñas que efectúen directamente os usuarios, asi como a auga incluída nas materias primas e as augas brancas."

- *Artigo 30. Suxeito pasivo e outros obrigados tributarios*

  "1. Son suxeitos pasivos a titulo de contribuíntes as persoas físicas, xurídicas ou as entidades do artigo 35.4.o da Lei 58/2003 xeral tributaria, as que a Augas de Galicia lle preste o servizo de depuración.

  2. Considerarase como contribuínte as persoas seguintes ás que se lle preste o servizo de depuración, salvo proba en contrario:

- *(...) d) No suposto dos usos urbanos, as entidades locais ás que se lles preste o servizo de depuración. (...)".*

- *Artigo 32. Base impoñible e métodos de determinación da base impoñible*

  " 1. Constitúe a base impoñible o volume real ou potencial de auga utilizado ou consumido en cada mes natural, expresado en metros cúbicos.

  No caso de usos non domésticos que dispoñan de contadores ou caudalímetros homologados de volume de vertido e tributen na modalidade de carga contaminante, asi como no baleirado de fosas sépticas, poderá considerarse como base impoñible o volume vertido nas condicións que se determinen regulamentariamente.

  No caso dos usos urbanos, a base impoñible virá constituída polo volume mensual de auga entrante na depuradora.

  2. A determinación da base impoñible realizarase, con carácter xeral, en réxime de estimación directa, mediante contadores ou caudalímetros homologados.

  3. Nos usuarios que non dispoñan de contadores ou caudalímetros a base impoñible determinarase por estimación obxectiva.

  (...)"

- *Artigo 41. **Cota do canon de xestión de depuradoras** e tipo de gravame.*

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

" 1. A cota do canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos resultara da adición de dúas partes variables, unha asociada ao volume de auga e outra a carga contaminante.

2. A parte variable asociada ao volume de auga resultara da multiplicación do tipo de gravame de 0,29 €/m3 pola diferencia entre a base impoñible e o volume de depuración mensual ordinario fixado para cada depuradora. De resultar esta diferencia un volume negativo, tomarase o valor de 0.

3. A parte variable asociada a carga contaminante resultara da multiplicación da base impoñible por un coeficiente de contaminación e polo tipo de gravame de 0,053 €/m3.

(...)"

- *Artigo 52.* ***Cota do canon de xestión de redes de colectores****.*

  "1. A cota do canon de xestión de redes de colectores para usos domésticos e asimilados resultara da adición dunha parte fixa e unha parte variable. (...)"

- *Disposición adicional primeira.* ***Declaración de interese público superior da xestión de determinadas infraestruturas*** *vinculadas ao ciclo integral da auga.*

  "Considérase que resulta de interese público superior a xestión por Augas de Galicia das infraestruturas de depuración seguintes:

  Edar de Dena

  Edar de Praceres

  (...)"

- *Disposición transitoria primeira. Actualización dos convenios de xestión de depuradoras.*

  "1. As depuradoras de titularidade municipal que no momento de entrada en vigor desta Lei están sendo xestionadas por Augas de Galicia son as sinaladas no Anexo I.

  2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei deberán actualizarse os convenios vixentes relativos á xestión das depuradoras sinaladas no apartado anterior, co obxecto de que se estableza o volume de depuración mensual ordinario aos efectos da aplicación do canon de xestión de depuradoras establecido no artigo 27 e seguintes desta lei.

  (...)"

Amais, no Anexo I, establécense as depuradoras de titularidade municipal que no momento de entrada en vigor desta Lei están sendo xestionadas por Augas de Galicia. Na relación presentada atópanse a EDAR de Arcade pero non a EDAR de Praceres.

Doutra banda, no Anexo II establécese o volume de depuración mensual ordinario de referencia para a EDAR de Praceres, 1.805.045,00 m^3/mes.

<u>Descrición da rede de abastecemento do Concello de Pontevedra</u>

A rede de abastecemento do Concello conta cunha captación principal no río Lérez e unha secundaria de apoio no encoro do Pontillón de Castro. Dende as captacións, a auga é conducida á estación de tratamento ETAP de Lérez. A partir da ETAP saen as diferentes tubaxes que abastecen aos depósitos municipais de cabeceira (Lérez, Castro Senín, etc) e Polígono Industrial da Reigosa (Ponte Caldelas) e as redes en alta que abastecen aos municipios de Poio, Marín, Sanxenxo e Bueu.

A concesión, de data 16/11/1968 e clave de expediente E-1206-P, concede unha captación máxima de 200 l/s por 99 anos **para o abastecemento de auga á cidade de Pontevedra**.

Atendendo aos datos presentados anualmente pola empresa concesionaria do servizo municipal da auga, ViAQUA, pódense extraer os seguintes valores de referencia, nos últimos anos, para o conxunto do sistema:

	UD.	2019	2020
Volume captado no río Lérez	m^3/ano	4.996.278	5.505.886

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

Volume captado no encoro do Pontillón de Castro	m^3/ano	4.829.815	4.396.619
Volume total	m^3/ano	9.826.093	9.902.505

Para o Concello de Pontevedra, corresponderían 5.388.291 m^3 subministrados (rexistro de contadores) no ano 2019 e 5.058.303 m^3 para o ano 2020.

Amais, cabe destacar o dato de eficiencia do sistema, calculado en base aos datos expostos, ás perdas en alta e aos rexistros das lecturas de contadores, que para o ano 2019 foi de 84,77% e para o 2020 de 89,09%.

Se se aplican as *ratios* de eficiencia aos volumes subministrados ao Concello de Pontevedra, obtemos 6.356.365 m^3 captados para o ano 2019 e 5.677.745 m^3 para o ano 2020.

Doutra banda, o Concello ten concedida e inscrita no Libro de Rexistro de Augas de Galicia outra captación para abastecer ao Polígono do Campiño, clave DH.A36.14546, cun volume máximo anual 7.253 m^3 e con prazo ata o 08/07/2025.

Descrición da rede de saneamento do Concello de Pontevedra

A rede de saneamento do Concello verte, principalmente, a unha estación depuradora de augas residuais de referencia, a EDAR Praceres, xestionada na actualidade por Augas de Galicia, por medio de dous colectores principais, ambos de sección circular, un deles FCØ1200 e o outro PVCØ900. Destacar que nestes colectores veñen incorporados efluentes de diversa entidade procedentes dos concellos limítrofes, Poio, Marín, Vilaboa e Ponte Caldelas.

Amais, existen tramos de rede que dirixen os caudais de residuais ás estacións depuradoras de concellos limítrofes, como é o caso da rede de Ponte Sampaio que impulsa os efluentes dende a EBAR por medio dunha tubaxe PEØ160 e o caso da rede de Cacheiro (A Canicouva) que conecta coa rede de residuais de Paredes por medio dun colector de gravidade PVCØ315.

Doutra banda, nos lugares das diferentes parroquias do rural a onde non chega a rede de saneamento municipal, existen fosas sépticas particulares que contan coa autorización de vertedura de Augas de Galicia.

Atendendo aos datos presentados anualmente pola empresa concesionaria do servizo municipal da auga, ViAQUA, pódense extraer os seguintes valores de referencia, no tocante aos efluentes producidos:

	UD.	2019	2020
Caudal de auga residual incorporada á EDAR de Praceres	m^3/ano	14.489.700	14.619.400
Caudal de auga residual incorporada á EDAR de Arcade	m^3/ano	472.300	430.618
Caudal de auga residual incorporada á EDAR de Vilaboa	m^3/ano	16.726	13.101
Caudal total	m^3/ano	14.978.726	15.063.119

Estimación das implicacións asociados ao Anteproxecto de Lei

Tomando como base o texto do Anteproxecto en información pública, o técnico que subscribe considera que as repercusións da eventual entrada en vigor do documento obxecto de análise poderían ser as seguintes:

- Redacción dos diferentes documentos técnicos asociados aos concellos de máis de 20.000 habitantes, nomeadamente, Plan de control anual de vertidos á rede de colectores, Plan de redución de entradas de augas brancas nas redes de saneamento e Plan de optimización da eficiencia enerxética.
- Volume de depuración mensual ordinario de referencia. No sobredito Anexo II do Anteproxecto de Lei, establécese un volume de 1.805.045 m^3/mes de referencia (21.660.540

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

m³/ano) para a EDAR de Praceres e 87.803,00 m³/mes (1.053.636 m³/ano) para a EDAR de Arcade. Namentres, os datos obtidos pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas reflicte unhas cantidades, para o Concello de Pontevedra, resumidas na seguinte táboa.

	UD.	2019	2020
Caudal de auga residual incorporada á EDAR de Praceres	m³/ano	14.489.700	14.619.400
Caudal de auga residual incorporada á EDAR de Arcade	m³/ano	472.300	430.618
Caudal de auga residual incorporada á EDAR de Vilaboa	m³/ano	16.726	13.101
Caudal total	m³/ano	14.978.726	15.063.119

- Cálculo canon por volume de auga

  A nova lei define un novo canon de depuración de "Usos urbanos", suma de dous, un a pagar polos entidades locais (Concellos), das augas pluviais, mariñas e brancas que se depuren nas EDAR que xestione Augas de Galicia, e outro en función da concentración de contaminantes do vertido.

  Para iso, Augas de Galicia definirá para cada depuradora un volume de depuración mensual ordinario en función de varios datos. Se ben o método de cálculo queda a criterio desta administración. Do caudal de auga que exceda do volume determinado, o Concellos abonarán a Augas de Galicia un prezo de 0,29 €/m³.

  O prezo de 0,29 €/m³ pola depuración das augas pluviais, mariñas e brancas que se depuren non corresponde o custe da depuración das mesmas. Non existe estudo de como se chega a dito valor.

  Atendendo o anexo III o volume depurado nas 28 EDAR que xestiona Augas de Galicia é de 52.008.545 m³/ano y o custe de xestión das mesmas segundo indicouse no Webinar do pasado día 8/9/21 é de 17,7 M€/año. O custe medio é de **0,34 €/m³.**

  O custe da depuración das augas pluviais, mariñas nin debe cubrir os custes fixos, nin os variables de fangos, e solo deberá pagar parte dos custes eléctricos dos bombeos de planta, polo que o prezo do custe real deberá ser moi por baixo deses **0,29 €/m³** .

  Así mesmo tamén será de aplicación outro canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos asociado a carga contaminante. E tampouco existe estudo de como se chega a dito valor.

  Exemplo: **Cálculo estimado do canon de xestión da depuradora** de Praceres Pontevedra a aboar polos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Vilaboa e Ponte Caldelas.

  Calcúlase a estimación do canon de depuración de "Usos urbanos" supoñendo que o caudal determinado a partir do cal cobrase a taxa coincida cos m³ subministrados no abastecemento, xa que así pode concluírse da exposición de motivos do anteproxecto de lei cando di *"A experiencia acumulada na súa xestión puxo de manifesto a necesidade de redefinir a configuración do tributo, singularmente motivado pola diferenza entre o volume efectivamente tratado nas depuradoras e os volumes que son obxecto de gravame, producíndose unha recuperación incompleta dos custes que non é subsanable polo mero incremento das tarifas, senón que é necesario ampliar as bases impoñibles suxeitas ao tributo."*

  O artigo 22, deixa en mans de Augas de Galicia o definición do mesmo, o no establecer o método de cálculo, e solo falar de criterios do cálculo *"Informe previo á xestión de infraestruturas por Augas de Galicia. 3. No caso das infraestruturas de depuración, en función dos datos de poboación, da actividade empresarial e industrial e dos datos de deseño e capacidade das instalacións, o informe referido proporá un volume de depuración mensual ordinario que, en condicións normais, poderá ser tratado nas infraestruturas existentes."*

  Para o citado cálculo temos en conta que o artigo 41, establece que *"A cota do canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos resultará da adición de dúas partes variables, unha asociada ao volume de auga e outra á carga contaminante."*

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

Cálculo canon por volume de auga

A parte variable asociada ao volume de auga resultará da multiplicación do tipo de gravame de 0,29 €/m^3 pola diferencia entre a base impoñible e o volume de depuración mensual ordinario fixado para cada depuradora.

Os m^3 subministrados polo abastecemento de auga de Pontevedra, Poio, Marín, Vilaboa e Polígono de Ponte Caldelas, se estiman en 10.000.000 m^3/año.

Segundo o anexo da lei a EDAR de Praceres depura 21.660.540 m^3/año.

Así pois, o canon estimado de xestión da depuradora de Praceres na modalidade de usos urbanos asociado ao volume de auga a pagar polos concellos será de:

(21.660.540 m^3/año -10.000.000 m3/año.) x 0,29 €/m^3 = **3.381.557 €/año.**

- 2. Cálculo canon por carga contaminante

A parte variable asociada á carga contaminante resultará da multiplicación da base impoñible por un coeficiente de contaminación e polo tipo de gravame de 0,053 €/m^3. E o coeficiente de contaminación determinarase en función da concentración de contaminantes na auga, segundo a analítica mensual representativa realizada, en relación a 7 parámetros (DBO_5, MES, DQO, NT, PT, Condutividade, MI). O coeficiente de contaminación tomará o valor do número de parámetros para os que se superen as concentracións máximas indicadas na lei. E dicir de 0 a 7.

Segundo o anexo da lei a EDAR de Praceres depura **21.660.540 m^3/año.**

Atendendo o PLAN DE SANEAMIENTO LOCAL DE LA RÍA DE PONTEVEDRA. CONCELLOS DE PONTEVEDRA, POIO, MARÍN E VILABO, polo menos o coeficiente de contaminación será 1, xa que polo menos un parámetro, a condutividade maior do que establece o anteproxecto, de 5.000,00 µS/cm.

Ase pois o canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos por carga contaminante a pagar polos concellos será o resultado de multiplicar a totalidade de m^3, xa que o anteproxecto indica que a mostra realizarase na entrada da EDAR, por o coeficiente de contaminación que polo menos será 1, e polo tipo de gravame.

21.660.540 m^3/año x 1 (coeficiente de contaminación) x 0,053 €/m^3 = **1.148.009 €/año.**

O canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos que abonarían os concellos que verten a EDAR a Augas de Galicia será de:

Canon asociado ao volume de auga: **3.381.557 €/año.**

Canon por carga contaminante; **1.148.009 €/año.**

Total recadado: 4.529.566 €/año.

Ademais deste canon Augas de Galicia recadaría o canon dos abonados destes concellos

O canon abonaríase no **prazo dun ano** a partir da entrada da lei, segundo a Disposición transitoria primeira: *Actualización dos convenios de xestión de depuradoras 2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei deberán actualizarse os convenios vixentes relativos á xestión das depuradoras sinaladas no apartado anterior, co obxecto de que se estableza o volume de depuración mensual ordinario aos efectos da aplicación do canon de xestión de depuradoras establecido no artigo 27 e seguintes desta lei.*

Atendendo ao aprobado polo Consello da Xunta do pasado 18 de febreiro de 2021 no que se autoriza a prórroga do contrato de xestión do servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, Pontevedra, supón un custe de **3.041.438,28 €** (suma de dous contratos, OH.336.775/XSP de 2.335.263,29€, IVE incluído e OH.336.744/XSP, de 706.174,99€, IVE incluído.)

Augas recadaría dos Concellos para a explotación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres 4.529.566 €/año, e ademais deste canon Augas de Galicia recadaría o actual canon de depuración dos abonados destes concellos.

Conclusións:

- **Aglomeracións urbanas**. Dende a entrada en vigor da Ley 9/2010, de 4 de novembro, de

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

aguas de Galicia, modificada parcialmente pola Ley 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Xunta de Galicia ten pendente a elaboración dos Plans galegos de abastecemento e saneamento que, entre outras cuestións, detallen polo miúdo as aglomeracións urbanas, os estudos de custes e os investimentos necesarios para levar a cabo as determinacións deses Plans. O anteproxecto de Lei prevé un prazo de dous anos para a determinación das aglomeracións urbanas, do cal depende en boa medida a aplicación da futura Lei que entrará en vigor ao día seguinte á súa publicación.

- **Titularidade das infraestruturas**. En base ao especificado no Artigo 7, na Disposición Adicional primeira e no Anexo I, a titularidade da EDAR de Praceres corresponde a Augas de Galicia.

  No que se refire as EDAR de Arcade e Riomaior, ambas as dúas figuran no Anexo I do Anteproxecto de Lei como de titularidade municipal que na actualidade están a ser xestionadas por Augas de Galicia. A titularidade non debe ser municipal porque están incluídas na planificación xeral da Comunidade Autónoma dentro do Plan de Saneamento Integral do Fondo da Ría de Vigo, elaborado por Augas de Galicia. A EDAR de Arcade, ademais, ten carácter supramunicipal xa que recibe caudais procedentes dos concellos de Soutomaior, Pontevedra, Vilaboa e Redondela.



- As obras do Plan de Saneamento Integral foron inauguradas con data 10/10/2001. Daquela atopábase en vigor a Lei 8/2001, de 2 de agosto, de Protección da Calidade das Augas das Rías de Galicia e de Ordenación do Servizo Público de Depuración de Augas Residuais Urbanas que, no seu artigo 6 declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, incluíndo a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, explotación e mantemento das estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e emisarios submarinos que formen parte da programación de saneamento e depuración da Xunta de Galicia. Xa que logo, unha vez vencido o prazo de garantía e tralas pertinentes probas de funcionamento, Augas de Galicia asumiu no ano 2005 a xestión e explotación da EDAR de

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

Arcade a través dun contrato de xestión de servizo público cuxo prazo rematou o 30/05/2020, polo que o concello de Soutomaior solicitou a continuidade da xestión por parte de Augas de Galicia da antedita EDAR. Na actualidade, estase a tramitar un convenio de colaboración para regular os termos e relacións entre as administracións locais e a autonómica, dentro do establecido no artigo 20 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica o apartado 1 del artigo 32 da Ley 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, que declara de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de aguas residuais urbanas, comprendendo a regulación, planificación, aprobación definitiva de proxectos, construción e xestión, explotación e mantemento das estaciones depuradoras de augas residuais, as redes de colectores xerais e as conducións de verteduras que formen parte do Plan galego de saneamento (en tanto que a EDAR de Arcade está incluída nun Plan de Saneamento Integral da Comunidade Autónoma) e que estean declaradas como tales actuacións de interese da Comunidad Autónoma nese instrumento de planificación.

- No tocante aos **documentos técnicos e plans aos que se refiren os artigos 10 e seguintes**, non se xustifica o prazo elixido para a elaboración revisión dos mesmos en función da complexidade e tamaño dos sistemas de cada concello. Doutra banda, non se atopa alusión á administración sobre a que recaerá o custo destes documentos.
- **Caudais de saneamento.** Para o caso da EDAR de Praceres, recíbense caudais dos concello de Pontevedra, Ponte Caldelas, Vilaboa, Marín e Poio. Semella que no Artigo 9 se fai referencia a un control dos caudais e das cargas contaminantes nas diferentes partes da rede. Considérase preciso a imposición de instalación de caudalímetros nos puntos de vertido dos diferentes concellos á rede de saneamento municipal de Pontevedra.
- Os **volumes de depuración mensuais ordinarios de referencia** do Anexo II deberían de **recalcularse**, de xeito que se teña en conta a realidade do sistema de saneamento do Concello de Pontevedra, incluíndo os aportes dos concellos limítrofes e os volumes realmente xerados dentro dos límites municipais.
- Os **tipos de gravame** non deberían fixarse na presente Lei e ficar abertos a un estudo pormenorizado posterior, en base ao establecido no devandito Artigo 20 da Lei 8/1989:

  "1. Toda proposta de establecemento dunha nova taxa ou de modificación específica das contías dunha preexistente deberá incluír, entre os antecedentes e estudos previos para a súa elaboración, unha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta. A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito das disposicións regulamentarias que determinen as contías das taxas.

  (...)"

  Deste xeito, proponse a eliminación dos tipos de gravame fixos e desenvolver o seu cálculo nun estudo posterior que teña en conta os custos reais asociados á depuración.

  Así a todo, en base aos datos dos que dispón esta administración no tocante á depuración de augas residuais, os tipos de 0,29 €/m^3 e 0,053 €/m^3 considérase que son moi superiores aos custos xerados.
- O **coeficiente de contaminación** ao que se refire o Punto 4 do Artigo 41 tomará o valor do número de parámetros para os que se superen as concentracións da táboa. Interprétase que o coeficiente poderá tomar valores entre 0 e 7, nos números naturais, pero sería o coeficiente o mesmo para calquera magnitude de exceso nos parámetros indicados? Por exemplo, estariamos no caso dun coeficiente de 1 tanto para unha DBO_5=600 mg/l como para DBO_5=1.500 mg/l? Considérase conveniente especificar con claridade cal é o intervalo de definición deste coeficiente.
- De resultar de aplicación a **cota do canon de xestión de redes de colectores** prevista no artigo

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I

52, por asumir Augas de Galicia algún treito desa rede, a cantidade resultante sería igual ao total do canon de xestión de depuradoras(cuxa cantidade estimouse en parágrafos anteriores) posto que son as mesmas as partes fixas e variables de aplicación en ambos casos. Se falamos do actual canon de vertedura, que sería derrogado pola Lei resultante deste anteproxecto, e para o suposto de usos domésticos en que os consumos realizados dentro do primeiro tramo estaban exentos de parte variable, a cantidade total do pasado ano 2020 ascendeu a 1.382.809,48 €.

- En canto á proposta de determinación da **participación no financiamento dos investimentos nas infraestruturas** que forman parte da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos, prevista no artigo 24, cómpre sinalar que o concello de Pontevedra ven realizando un importante esforzo para acadar os obxectivos que agora veñen previstos no Anteproxecto de Lei, isto é: 1.- Finalizar as redes separativas, 2.- Eliminación de augas pluviais dos colectores procedentes das acometidas domiciliarias, mananciais privados e augas de infiltración a pozos e colectores, e 3.- Aumento da capacidade dos colectores xerais asegurando a súa estanquidade e eliminando as augas de infiltración e augas salgadas que provocan incrementos da condutividade.

  A modo de exemplo, no pasado ano 2020, realizáronse as seguintes obras que cumpren os criterios anteriores:

PLAN DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA 2020	
Descrición	**P.E.C. proxecto**
Proxecto ampliación de rede de saneamento Santo Andrés de Xeve (sur)	2.376.789,68
Proxecto ampliación de rede de saneamento na parroquia Verducido fase 1 (sur)	2.428.982,77
Proxecto ampliación de rede de saneamento na parroquia de Campañó (sur)	2.314.880,80
Proxecto rede de sumidoiros e pluviais na rúa da Porta Grande	125.876,74
Proxecto de renovación de servizos na rúa Echegarai	694.424,38
Proxecto de adaptación a rasante da vía os pozos que se atopan no interior da galería de servizos.	196.594,45
Acondicionamento e mellora no camiño de Martín Raxo a la Comboa. Lourizán.	134.612,30
Actuación de mellora urbana no espazo público da rúa San Martiño e na rúa Eirao de Alvar Paez. Tramo II	150.000,00
Proxecto acondicionamento da rúa Rouco.	187.576,84
Proxecto de acondicionamento da rúa Lepanto.	211.987,60
TOTAL OBRAS 2020	8.821.725,56

O esforzo inversor neste ámbito continúa ao longo do ano en curso. Toda vez que as novas taxas, canon de xestión para aboados e coeficientes previstos no Anteproxecto de lei van supoñer un importante incremento da recadación por parte da Comunidade Autónoma, parece lóxico que esta asuma unha maior parte dos investimentos necesarios para a mellora e optimización das redes de servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga.

Asinado por: JESÚS GÓMEZ VIÑAS
Cargo: DIRECTOR XERAL
Data: 15/09/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:944677RWK7IU7Z3I